

## Seis carteis históricos de Camilo Díaz Baliño, dos anos 30, agora en edición facsimilar

SANTIAGO DE COMPOSTELA, SETEMBRO DE 2021.- Alvarellos Editora rescata, en edición facsimilar, seis carteis históricos ilustrados por Camilo Díaz Baliño nos anos 30.

Publicados agora en formato 32 x 45 cms, trátase dunha selección dos moitos traballos que, como pioneiro do deseño galego, desenvolveu o pintor natural de Ferrol nos anos que traballou como director artístico do Concello de Santiago (1924 a 1936). Os carteis elixidos foron publicados orixinalmente entre 1931 e 1936.

(Díaz Baliño sería asasinado en agosto de 1936). Dous deles corresponden ás festas de Santiago de Compostela (de 1932 e o derradeiro, o do infausto 1936).

Outros dous, ao proceso de elaboración do Estatuto de Autonomía (un deles foi a capa do documento do Anteproxecto de 1932, e o outro, a magnífica ilustración a prol do SI no plebiscito de xuño de 1936).

A homenaxe á Coral da Ruada de Ourense (pola súa xira de 1931 polo Río de la Plata e Brasil) e o cartaz da Feira de Mostras de Santiago de 1933 completan este rescate.

Catro deles pertencen ao arquivo persoal do biógrafo de Camilo Díaz Baliño (e tamén do seu fillo Isaac Díaz Pardo), Xosé Ramón Fandiño; o do "Estatuto Si" foi tratado polo deseñador Martiño Picallo, e o referido á Feira de Mostras, pertence á Biblioteca Camilo Díaz Baliño da Cidade da Cultura. (Véndense directamente na nosa editorial a 3,50 € e a través da web: [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)).

